

Un auto xudicial faculta a Patrimonio para entrar na casa de Castelao

LEGADO ► A Consellería de Cultura pensa estudar a declaración do inmovible como Ben de Interese Cultural

AGN • SANTIAGO

Un auto xudicial ditado polo Xulgado Contencioso Administrativo Número 1 de Santiago, con data do 17 de novembro de 2008, autoriza os funcionarios da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para entrar na casa que pertenceu ao artista e político Daniel Rodríguez Castelao, "para proceder á comprobación do estado actual do interior do inmovible e das súas pertenzas, así como para efectuar unha reportaxe fotográfica para os efectos de completar a documentación necesaria no expediente de declaración de ben de interese cultural".

A Consellería de Cultura e Deporte, a través do seu departamento de Patrimonio, iniciou os traballos para a declaración de Ben de Interese Cultural na categoría de "sitio histórico" deste inmovible en xullo de 2006, pero atopouse coa repetida negativa do seu propietario, Javier Baltar, a permitir o acceso dos técnicos de Cultura ao interior do edificio. Foi por iso que a Xunta decidiu reclamar por vía xudicial este acceso, que foi confirmado o pasado día 17 de novembro polo Contencioso de Santiago de Compostela.

Logo deste auto, Patrimonio requiriu oficialmente o propietario para que se puxera en contacto coa Dirección Xeral para

concretar os detalles da visita dos dous técnicos da Consellería ou noutro caso esta marcaría a data concreta daquela. Por agora, o propietario non se dirixiu a Patrimonio con ese fin.

Catalogación da obra

Por outra banda, a Consellería de Cultura impulsou a catalogación universal da obra de Castelao coa sinatura dun convenio coa Fundación Castelao. Este acordo supón o comezo dun dos labores de compilación máis difíciles, debido ás características da obra deste escritor: moi ampla (máis de 3.000 pezas), así como repartida por diferentes países. A dificultade de localización e compilación de todo o material creativo do escritor galego, así como de fotografías ou gravacións nas que apareza, levou a consellaría a investir 300.000 euros neste convenio.

O DATO

Catalogación

► A Fundación Castelao xa se comprometeu a elaborar un catálogo dixital da obra do escritor, debuxante, e político rianxeiro que estará a disposición do público no Arquivo Nacional de Galicia ■